

A ESCOLA DA VIDA

## As estatísticas dos delitos xuvenís

20.02.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

En ocasións, parece que nalgúns xornais quixeran valorar a disfuncionalidade social da mocidade a través de simples macroestatísticas, cando antes de facelo deberían sopesar moitos aspectos para chegar ás súas conclusións. Os seus datos, como dicimos, aparecen anotados polos seus totais, sen deixar ver as diferentes partes que os compoñen, o que, aínda que a primeira vista dea a aparencia de seren reais, ao pouco que se escaravella neles vese que o seu escenario está distorsionado.

Os últimos datos ofrecidos ao público foron extraídos dos informes das Fiscais de Menores de Galicia. Segundo eles, a delincuencia xuvenil galega ten, en comparación coa do resto do Estado, unha menor gravidade. Unha visión cuantitativa tras a que se agocha outra cualitativa. En Galicia hai unha poboación asentada secularmente, na que o número de transeúntes é menor que noutros lados, e a proporción de mozos sobre a poboación xeral tamén. Esas cousas axudan moito a que se produza unha menor cantidade de delitos.

Por outra banda, que aumenten as infraccións xuvenís nun ano de crise como foi 2009 sobre o precedente tampouco debe chamar a atención, pois moitos mozos de familias que quedaron no paro ou que necesitan da axuda social para chegaren a final de mes recorren á forza ou á ameaza aos seus iguais para conseguir o que xa non lles poden dar os seus proxenitores.

Así tamén, hai que ter en conta que os instrumentos reeducadores que a Administración dispuxo durante estes últimos anos para que os xuíces puidesen imporlles aos mozos que sentenciaron as medidas socioeducativas ante unha falta foi cada vez maior, e iso computa a favor dun incremento no número de sancións e en contra das simples amoestacións xudiciais.

O informe reconece que os menores cometeron máis delitos en bandas, sobre todo contra os seus iguais. Isto non debe estrañarlle a ninguén, pois á idade á que operan deste xeito é cando a súa pertenza a grupos é máxima, entre os 14 e os 16 anos. E se se agrupan para calquera cousa, é lóxico que tamén busquen o corporativismo do grupo para os seus actos ilícitos.

As lecturas dos datos non se deben facer á lixeira e polo groso senón cunha boa análise e polo miúdo para saber a que aternos ante as situacións que lle toca vivir á nosa mocidade.